A CIDADE, O CAMIÑO E NÓS

La Ciudad, el Camino y Nosotros
The City, the Way and Us

Unha exposición sobre a identidade da cidadanía
de Santiago de Compostela e a xente que a visita

Xardíns da Ferradura
ao pé do monumento a Rosalía de Castro
de 3 de maio a 18 de xuñode 2019

Disponíbeis versións dos contidos da exposición en castelán e inglés
Los contenidos de la exposición están disponibles en castellano
The contents of the exhibition are also available in English

www.redegalabra.org

Grupo GALABRA
www.redegalabra.org
USC
CONCELLO DE SANTIAGO
Resultados parciais de proxectos de investigación.
Discursos, imaxes e prácticas culturais sobre Santiago de Compostela como meta dos Camiños de Santiago (ED431 - 2021).
Narrativas, usos e consumos de visitantes como aliados ou ameazas para o benestar da comunidade local: o caso de Santiago de Compostela. (ED431F 2017/08).
GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE CIENCIA, INNOVACIÓN Y UNIVERSIDADES
UNIÓN EUROPEA
FONDO EUROPEO DE DESARROLLO REGIONAL
"Una manera de hacer Europa"

A CIDADE, O CAMIÑO E NÓS

Presentamos á cidadanía compostelana e a quen nos visita, através de catro exposicións e dun conxunto de actividades paralelas, algúns resultados da investigación que a Rede Galabra está a realizar desde o ano 2008 sobre os impactos do Camiño de Santiago na cidade. Analisamos os discursos, as imaxes e as prácticas referenciadas en Santiago tanto de comerciantes e habitantes de Compostela, como das persoas procedentes dos países que achegaban os continxentes máis numerosos no momento de comezarmos os nosos traballos: o resto da Galiza e do Estado, Portugal e o Brasil (segundo o CETUR, primeiro país europeo e non europeo en número de visitantes, respectivamente). Estudamos as ideas presentes nos libros que len, nos filmes que ven e nas webs que consultan as persoas que nos visitan. Tiramos informacións confiábeis e significativas, de quen vén e de quen vive a cidade, a partir dos cuestionarios e das entrevistas que fixemos.

Exposición central na Alameda
ao pé do monumento a Rosalía
A Cidade, o Camiño e Nós

Exposicións sectorais
nos centros socioculturais do concello
A cidade e quen a habita
A cidade e quen a visita
A cidade e a actividade comercial

Convidamos a camiñar esta exposición procurando respostas posíbeis para as moitas perguntas que a cidade nos coloca:

- ▹ Será que Compostela foi mesmo reinventada?
- ▹ Será agora máis a cidade do Camiño e menos a cidade capital, patrimonial, cultural, universitaria, ...?
- ▹ Cales son os efeitos, sobre todo na Zona Vella, dos discursos sobre a cidade?
- ▹ En que medida as persoas que nos visitantan se relacionan coa comunidade e a cultura local?
- ▹ Cal é a diferenza entre a persoa que peregrina e quen vén de visita ou por turismo?
- ▹ Que visitante se parece máis connosco?
- ▹ Cales son os nosos espazos máis queridos?
- ▹ Sabemos, en fin, máis algunha cousa sobre como somos e como nos vemos, como vemos quen nos visita e como esta xente nos ve?

Convidamos tamén a participar de todo o conxunto de actividades paralelas ás catro exposicións, cuxo programa xeral pode encontrar neste folleto:

- ▹ Mesas redondas temáticas con especialistas e representantes dos sectores sociais da cidade.
- ▹ Divulgación e participación de escolares dos Centros de Ensino Secundario do concello.
- ▹ Participación cidadá e exposición fotográfica: *Como o Camiño inflúe na túa vida diaria?* *A cidadanía (re)pensa o Camiño*

Toda a información en redegalabra.org . Pode participar e opinar sobre os asuntos abordados na exposición central através do cuestionario disponibilizado no espazo expositivo da Alameda.

ACTIVIDADES DE DEBATE PARALELAS Á EXPOSICIÓN

Todas as actividades están subordinadas ao asunto central da exposición e terán lugar na **Sala de Actos do Instituto Rosalía de Castro**, excepto indicación expresa neste programa, **de 19:30 a 21 horas**. Toda a información en **redegalabra.org**

9 de maio	Encontro cos grupos políticos con representación no concello.
16 de maio	Encontro con Asociacións Veciñais: Zona Vella / Zona Nova.
23 de maio	Encontro con Asociacións Veciñais: O rural, zonas (re)emerxentes.
4 de xuño	Encontro con representantes da USC, Catedral, CETUR: A cidade patrimonial, universitaria, relixiosa, turística, habitable...
5 de xuño	Encontro con comerciantes, restaurantes e produtores/as agrícolas locais.
6 de xuño	Encontro con comerciantes da Zona Vella: A actividade comercial singular na parte antiga da cidade.
13 de xuño	Encontro con representantes comerciais, empresariais e sindicais. A actividade comercial e empresarial e o concello. Lugar: Cámara de Comercio.
18 de xuño	Encontro con especialistas en turismo e urbanismo + Encerramento da exposición *A Cidade, o Camiño e Nós*.

FICHA TÉCNICA

Cuestionarios estruturados	Banco de datos de Visitantes	Banco de datos de Locais	B.D. de Actividade Económica e Comercial
Universo	Procedentes da Galiza, España, Portugal e o Brasil	Residentes en Santiago de Compostela, Teo e Ames	Comerciantes a traballaren en Santiago de Compostela
Ámbito xeográfico	Santiago de Compostela	Santiago de Compostela	Santiago de Compostela
Tamaño da mostraxe	2.081 inquéritos válidos	929 inquéritos válidos	410 inquéritos válidos
Erro da mostraxe	± 2,15 %	± 3,2 %	± 4,6 %
Nível de confianza	95 %; p = q = 0,5	95 %; p = q = 0,5	95 %; p = q = 0,5
Datas	De marzo de 2013 a marzo de 2014	Segundo semestre de 2014 a maio de 2015	Abril e maio de 2015

Inquéritos de control para comprobar tendencias (2018): 155 visitantes 50 habitantes 50 comercios

Entrevistas	271 entrevistas a visitantes	34 entrevistas a persoas peregrinas de Porto Alegre (Brasil)	6 grupos de conversa con población local
Base de Datos	559 libros	211 webs	90 audiovisuais

Integrantes da equipa e responsábeis polas exposicións: Elias J. Torres Feijó [USC], Emilio Carral Vilariño [USC], Felisa Rodríguez Prado [USC], Irene Pichel Iglesias [USC], María Luísa del Rio Araújo [USC], Roberto Samartim [UdC], Álvaro Iriarte Sanromán [UMinho], Carlos Pazos-Justo [UMinho], Raquel Bello Vázquez [UniRitter], Zósimo López Pena [UNIR], Rede Galabra (www.redegalabra.org)

COMPOSTELA E OS CAMIÑOS

As décadas de oitenta e noventa do século XX son determinantes para a elaboración dun novo relato sobre a cidade, entendida fundamentalmente como meta dos Camiños a Santiago.
A identificación de Santiago co Camiño, paralela ao aumento do fluxo de persoas peregrinas e á institucionalización do fenómeno xacobeo, prodúcese con base nos discursos sobre a cidade e a peregrinación elaborados pola Igrexa Católica, por institucións internacionais como a UNESCO ou a UE e polo escritor brasileiro Paulo Coelho.

«Yo, obispo de Roma y pastor de la Iglesia universal, desde Santiago te lanzo, vieja Europa, un grito lleno de amor: Vuelve a encontrarte, sé tú misma»

Na placa deixada por Xoán Paulo II na Catedral de Santiago como lembranza da súa peregrinación en 1982.

O Papa na súa peregrinación a Compostela. 8 de novembro de 1982 [Fotografía: xacopedia.com]



Declaración da Zona Vella de Santiago como Patrimonio da Humanidade pola UNESCO, 04/12/1984 [Mapa: UNESCO, 2012]

Este famoso local de **peregrinación** no noroeste da España tornouse un símbolo na **loita dos cristiáns españois contra o Islán**. Destruído polos musulmanos no final do século X, foi completamente reconstruído no século seguinte. Cos seus **edificios** románicos, góticos e barrocos, o centro histórico de Santiago é unha das áreas urbanas máis bonitas do mundo. Os **monumentos** máis antigos están agrupados en torno do **túmulo** de Santiago e da **catedral**, que contén o notábel Pórtico da Gloria.

No «Epílogo: Santiago de Compostela» de *O Diário de um Mago* (1987) figura o único parágrafo do libro de Paulo Coelho referido á cidade:

«Da janela do meu hotel posso ver a Catedral de Santiago, e alguns turistas estão em sua porta principal. Estudantes de roupas medievais negras passeiam entre as pessoas, e os vendedores de souvenirs começam a montar suas barracas. É de manhã bem cedo, e, fora as anotações, estas linhas são as primeiras que estou escrevendo sobre o Caminho de Santiago».

Coelho recebe a Medalla de Ouro de Galicia, 1999 [Fotografía: Xunta de Galicia]

Administración local, autonómica e estatal camiñan de mans dadas na promoción de Santiago como centro de peregrinación (cooperando institucionalmente desde 1991 através de organismos como o Real Padroado de Santiago ou o Consorcio da Cidade). Destacan neste sentido os investimentos económicos que a Xunta de Galicia destina á promoción turística da cidade e do País, primeiro através da Sociedade de Xestión do Xacobeo cada Ano Santo desde 1993 e, xa no século XXI, coa campaña promocional *Galicia, o Bo Camiño*.

A actividade turística vinculada ao Camiño de Santiago contribúe para a transformación que experimenta a cidade desde os anos 90: nos hábitos de vida, nos usos do espazo público, na actividade cultural e social, ... Así, a Compostela actual é identificada por quen nos visita, en boa medida, coa Catedral e cos espazos patrimoniais na súa contorna. A Zona Vella perde progresivamente población local e reorienta a súa oferta comercial dirixíndoa fundamentalmente para a gastronomía e o *souvenir*, e cobra significados antes menores ou descoñecidos (medievalizantes, místico-espirituais, ...), hoxe moi presentes nas súas rúas e comercios.

[Fotografías: Rede Galabra]



O Camiño e a nosa identidade
O Camiño chegou con forza en 1993 e veu para ficar. Para as persoas de Compostela é un elemento destacado da súa identidade, aínda que parece perder algunha forza nese sentimento nos últimos tempos. O sentimento máis relevante de pertenza entre as xentes de Santiago é o de galeguidade, seguido do de compostelanidade e o de españolidade; neste último caso, detéctase que un maior sentimento de españolidade fai aumentar un pouco a consideración do Camiño como parte da identidade santiaguesa e galega.

Compostela: Cidade emblemática, querida e utilitaria
Os espazos e lugares dunha cidade son reflexo e obxecto de usos, afectos e desafectos. En Santiago, cando o sentimento de galeguidade é o dominante preferimos a parte antiga da cidade; se for a compostelanidade, a preferencia vai tamén para a Zona Vella (coa Rúa do Vilar á frente) e para a Zona Nova, e tendemos a nos identificarmos menos coa Catedral, con Belvís e co Campus, e aínda menos coa Cidade da Cultura e cos centros comerciais; se o peso da españolidade for maior, destacaremos o Campus e nos nos identificarmos menos coa Améndoa, San Pedro ou Bonaval.

Concordamos en que Compostela é antiga e verde. A Zona Vella da cidade, coa Catedral e as prazas do Obradoiro e a Quintana no seu centro, son os espazos que consideramos máis emblematicamente santiagueses, xuntamente coa Alameda e as outras Zonas Verdes da cidade. Apesar da baixa consideración que ten para o conxunto das persoas a Zona Nova, esta emerxe como un lugar considerado máis emblemático que a media para aquela xente que se declara máis santiaguesa: canto máis santiagueses nos sentimos, máis gostamos da Zona Nova.

Fóra dos usos propios das nosas obrigas laborais, preferimos a Zona Vella para o noso lecer e as nosas compras, aínda que esta preferencia varía coa idade (por exemplo, as persoas xubiladas van menos). As mulleres sustentan en boa

medida o comercio tradicional e a Praza de Abastos.

A Alameda, Bonaval e outros parques e Zonas Verdes son, coa Zona Vella, os lugares máis queridos. E este sentimento vai a máis!

Entre a xente que lembra o Santiago de hai 20 anos, predomina levemente aquela que gosta máis da cidade agora, detectándose unha tendencia importante a gostar cada vez menos de Santiago, sobre todo na xente de 30 a 49 anos.

A transformación da cidade nos últimos vinte e cinco anos mudou bastante os hábitos e preferencias espaciais da xente. Estamos substituindo uns lugares por outros, e abandonando espazos como a Catedral, o Obradoiro, a Quintana e o Franco, que son moi considerados santiagueses, porén menos queridos e aínda menos frecuentados. A perspectiva sobre a cidade e sobre as persoas que a habitan ou a visitan tamén varía segundo os bairros, mesmo en zonas próximas como Conxo ou a Choupana, e se cadra o Camiño ten algo que ver...



A cidade imaxinada pola xente que nos visita

A imaxe previa das persoas visitantes relativamente a Santiago de Compostela está amplamente dominada por elementos vinculados á cidade na súa dimensión xacobea. A Catedral, o Camiño e a peregrinación, o Apóstolo, a relixión ou a espiritualidade e a Praza do Obradoiro son os elementos máis sobresaíntes nesta dirección. A Catedral, sobre todos os outros, configúrase como o elemento dominante para quen ollar a cidade desde fóra.

A centralidade desta imaxe xacobea (Catedral, Camiño, Apóstolo, etc.), difundida intensamente a partir da década dos 90 – nomeadamente desde o Xacobeo 93 – promove unha percepción distorsionada da cidade. Por exemplo, a Améndoa compostelana é imaxinada como sendo moito máis populosa do que realmente é (en media 6 veces maior).

En xeral, a visita á cidade implica unha evolución da imaxe entre as persoas visitantes: diversifícanse os elementos no ollar, con unha descida xeralizada da centralidade de elementos como a Catedral. Porén, os materiais vinculados á cidade xacobea continúan a ser dominantes, o cal indica que a imaxe previa é altamente resistente. Por outro lado, os datos apuntan para o feito de que entre visitantes de fóra da Galiza Santiago de Compostela non é entendida, en regra, como sendo a capital do País ou como cidade histórica e universitaria. En sentido inverso, para visitantes de orixe galega a cidade é sobre todo capital e símbolo da Galiza.

En relación á cultura local ou galega, un dos elementos con moi escasa visibilidade é a lingua galega (tanto antes como durante a visita). Ao que parece, a lingua da Galiza non é percebida polas persoas visitantes como un material identitario ou de representación colectiva.

A cidade durante a visita

No discurso das persoas que visitan Compostela nótase unha menor presenza do Camiño e da peregrinación do que nos discursos institucionais, na literatura ou, inclusive, no

audiovisual. Mesmo así, é relativamente grande o número das persoas que declara coñecer e ter lido ou visto materiais dese tipo; por iso importa indicar que, en termos literarios, é moi frecuente que a cidade de Santiago apareza como escenario (medieval, histórico ou mesmo esotérico) de prácticas espirituais, de tal modo que se produce invisibilización ou ocultamento das persoas e da cultura locais.

Os espazos máis citados por quen nos visita, frecuentados en percentaxes superiores a 20% (destacando a Catedral con 35,9 %), concéntranse na parte antiga da cidade. En xeral, pode dicirse que os visitantes fan uso dos espazos nunha medida semellante á percepción que as persoas residentes teñen sobre o carácter emblemático deles (sendo a Alameda unha excepción salientábel: 12,3% de uso vs. 29,1% de identificación santiaguesa). Mais neses lugares a posibilidade de se relacionaren con habitantes de Santiago é bastante limitada, por un lado, e, por outro lado, a percentaxe de visitantes que vai onde é feita unha parte fundamental da vida de quen reside en Santiago é ben pequena: Zona Nova (6 %), parques e Zonas Verdes (3,9 %) ou centros comerciais (1,3 %).

Foi detectado un importante impacto dos discursos de Paulo Coelho nas prácticas, nos consumos e nas falas das persoas visitantes, en xeral, e sobre todo das súas conterráneas brasileiras. Mais tamén foron identificadas elaboracións complexas – en termos discursivos – sobre Santiago (e a Galiza): son as que corresponden a visitantes con coñecemento previo do destino ou con maior nivel de estudos (sen que nen a renda familiar nen a duración da visita sexan significativas neste sentido).

Con frecuencia, á hora de faceren consideracións en relación á súa visita, as persoas non galegas referen semelhanzas ou diferenzas con outros territorios. Son particularmente abundantes aquelas que relacionan a Galiza co Norte de Portugal ou co conxunto do país veciño. É aquí que se (re)coñecen e revelan através da experiencia visitante un bo número de elementos que apuntan para vínculos históricos, sociais (en forma de modos de vida e fluxo de persoas), territoriais ou de habitat e, en menor medida, lingüísticos (relacións estas destacadas fundamentalmente por visitantes do Brasil). Cabe subliñar que, de acordo cos nosos datos, a proximidade (sexa intelectual, sexa relacional ou xeográfica) de visitantes condiciona o tipo de visita e, obviamente, incide nas prácticas e nos consumos que realizan na cidade.

Lugares e produtos consumidos pola xente que nos visita

Quen nos visita fai máis gasto do que tiña pensado e concentra a súa compra na Zona Vella. Cantas máis veces nos visitan, os hábitos de consumo da xente que vén son máis parecidos cos da xente que habita Compostela, aumentando o consumo de pan e doces e o volume de compras na Zona Nova. Segundo a orixe, son as persoas naturais de Portugal as que máis se parecen coas galegas nos hábitos de consumo e na valorización dos produtos e servizos locais.

Por seu lado, quen chega peregrinando presenta un comportamento máis tipicamente turístico, centrando a súa visita na Zona Vella e sendo menos exixente coa calidade dos produtos. Perto de 25 % de visitantes dan preferencia ao consumo de marisco e polbo, sendo as persoas procedentes do resto do Estado Español quen máis escollen estes produtos.

Estas tendencias confírmanse no ano 2018 (53 % das persoas que nos visitan relacionan a Galiza coa gastronomía, mais a percentaxe sobe a 63 % no caso de procedencia española) e 56% de visitantes procedentes de Portugal entenden que son culturalmente moi semellantes a nós. Tamén 71 % de visitantes declara comer na Zona Vella, e continúa a se dar unha preferencia salientábel polo marisco e o polbo (26 % e 17 %, respectivamente).

	Cantas veces nos visitan?	
	1ª vez	**máis dunha vez/ano**
Que compran?		
Torta Santiago	40,2 %	12,5 %
Queixos	26,5 %	8,3 %
Pan	5,9 %	16,7 %
Doces	11,3 %	22,9 %
Onde compran?		
Zona Vella	61,1 %	40,5 %
Zona Nova	3,0 %	12,9 %

A actividade comercial

Unha parte importante da actividade comercial compostelana (perto de 30 % en 2018) débese á alimentación. Restaurantes e bares son responsábeis de 71 % do consumo destes produtos.

A oferta gastronómica de bares e restaurantes é moi homoxénea. O polbo e o arroz con lumbrigante son os pratos destacados. Con datos de 2018, 75 % dos locais de

restauración ofrece polbo e marisco como produtos estrela. Aínda que 60% dos bares e restaurantes detecta que parte da súa clientela está composta por visitantes de fóra da Galiza, non é habilitada unha oferta diferenciada nesa dirección, tampouco en temporada alta.

Por outro lado, o sector evoluciona cara a unha concentración tanto na propiedade (10 % de persoas propietarias posúe 20 % de locais) como na localización espacial: en 2018 situábanse na Zona Vella metade dos bares, restaurantes e tendas de alimentación, e no Ensanche 21 % deles. Tamén con datos de 2018, se foren excluídas as tendas de alimentación e só consideradas as percentaxes de bares e restaurantes, a Zona Vella concentra 36 % e a Zona Nova 14 %. Estes resultados apuntan para un proceso de xentrificación comercial (gastronomificación) que non favorece a relación visitantes-habitantes, xa que 46% da veciñanza consome case exclusivamente dentro do seu bairro.

Metade dos negocios relacionados coa alimentación está na Zona Vella
En 2018 declararon comer na Zona Vella 71% de visitantes
Na Zona Nova están localizados apenas 21 % de negocios relacionados coa alimentación

Para alén da alimentación, son destacados polos comerciantes como "produtos estrela" máis do que hai 20 anos a roupa, os souvenirs e artigos de artesanía e decorativos, xuntamente coas xoias e os complementos. Concretamente, a percentaxe de comerciantes que sinala os souvenirs entre os seus produtos estrela aumenta ano após ano, e 54,5 % destes negocios abriu as súas portas despois de 1993, ano do primeiro Xacobeo promovido pola Xunta de Galicia.

No relativo ao gasto de visitantes, salienta o feito de que non exista relación estatística coas súas características socio-demográficas (idade, sexo, renda, nivel de estudos, ...) e si coas imaxes que teñen da cidade. Por exemplo, entre visitantes que destacan "a xente" entre as súas imaxes da cidade o gasto en lecer multiplica por 10 o do resto de sectores. Algo semellante acontece cando se fai referencia á Universidade; neste caso, o gasto en aloxamento multiplícase por 20.

COMO VEMOS QUEN VÉN?

O estudo das dinámicas dunha cidade como Santiago non ficaría completo se non fosen atendidas as nosas percepcións en materia de turismo. En xeral, a visión positiva do turismo é maioritaria entre nós, xa que 59,4 % das persoas consultadas (excluídas as residentes en Ames e Teo) gosta do tipo de visitante que chega a Compostela, frente a 28,8 % a quen non agrada esta clase de turismo.

Segundo o lugar da cidade onde viven, as persoas mostran opinións diversas a respeito do turismo e do efeito que a súa presenza ten na vida cotiá da comunidade local. Hai tres zonas da cidade en que moitas persoas residentes preferirían outro tipo de turismo:

- Rúa de San Pedro (Entrada do Camiño Francés): 52,8 %
- Santa Marta e Choupana (Entrada do Camiño Portugués): 42,6 % e 37,5 %; respectivamente
- Zona Vella: 35,4 %

Algunhas destas persoas (10%) mesmo estarían dispostas a reservar espazos concretos da cidade para o turismo.

Son precisamente as persoas que preferen outro tipo de turista quen sente máis efeito do turismo sobre a súa vida cotiá. Dos 25 bairros considerados, novamente as tres zonas máis impactadas polo Camiño (San Pedro, a Choupana e a Zona Vella da cidade) destacan como as que perciben maior modificación dos seus modos de vida por causa do turismo. Sobre 8 puntos, os residentes nestes bairros valorizan o grao de modificación que o turismo produce no seu modo de vida en: 3,90 Zona Vella; 3,78 Choupana - Entrada do Camiño Portugués; e 3,45 San Pedro - Entrada do Camiño Francés.

A relación coa cidade tamén se ve alterada. Por exemplo, os nosos datos indican que 31 % de habitantes de Compostela gosta menos da cidade que hai 20 anos. Estas persoas perciben unha mudanza maior nas súas vidas como consecuencia do turismo, e perto de metade delas (47,3 %) preferiría outro tipo de turista.

Así, sen ser grande, parece que comeza a emerxer un problema de incomodidade nas persoas que habitan a cidade nas zonas máis frecuentadas pola xente que chega através do Camiño, nomeadamente os bairros de San Pedro, a Choupana e a Zona Vella; isto leva algunhas destas persoas a posicións desfavorábeis en relación ao tipo de turista.

Todo parece indicar que comezamos a ver o turismo como un fenómeno que está a afectar lugares que consideramos importantes en varias dimensións, espazos que nos representan ou en que nos sentimos á vontade para comprarmos ou pasarmos o noso tempo de lecer.

Deses lugares, o tradicional eixo comercial da parte antiga (Preguntoiro – Orfas) é o máis querido pola xente que sente máis modificada a súa vida polo turismo. A Zona Nova, por seu lado, gaña aprezo e é vista como un lugar autenticamente santiagués tanto por sectores de visitantes (en maior medida que por quen mora na cidade), como polas persoas que habitamos Compostela, sobre todo por quen non gosta do tipo de turista que nos visita.

Levando isto en conta, e tamén que quen gosta do tipo de visitante declara en menor medida a Zona Nova como un espazo tipicamente santiagués, estará a xente de Santiago que non gosta do tipo de turismo que chega á cidade a procurar refuxio na Zona Nova e nos Parques?